

**XURISPRUDENCIA SOBRE SEGURIDADE SOCIAL DO TRIBUNAL DE
XUSTIZA DAS COMUNIDADES EUROPEAS**

● Comentarios

● Selección de Sentenzas

REVISTA SOCIAL GALEGA DEL

COMENTARIOS

XURISPRUDENCIA DE SEGURIDADE SOCIAL DA UNIÓN EUROPEA

O segundo semestre do 2003 asistiu, como ven sendo habitual, a un feixe de pronunciamentos da Corte de Xustiza comunitaria en materia de Seguridade Social. Seguidamente se fai unha breve reseña dos máis salientables, que de novo se refiren a diferentes prestacións e circunstancias de beneficiarios e beneficiarias que exerceron o dereito de libre circulación.

O primeiro pronunciamento que merece comentario se refire á prestación en especie de asistencia sanitaria e resulta, en certa medida, un contrapunto a outro que se comentaba no número anterior, o asunto C-326/00, Ioannidis. Se iste constituiu unha resolución xudicial expansiva dos dereitos de beneficiarios de pensións a se beneficiar da asistencia sanitaria prestada por un Estado membro distinto sen necesidade de autorización ou urxencia inaplazable, a que se pasa a comentar supón unha declaración do Tribunal de caste restritiva, incluso se podería engadir que de difícil compatibilidade co citado asunto Ioannidis. Trátase da sentenza do 3 de xullo 2003, asunto **C-156/01, van der Duin e van Wegberg-van Brederode**. Os feitos referíanse a dúas persoas, a primeira delas beneficiaria dunha prestación por incapacidade a cargo do sistema de Seguridade Social holandés e a segunda cónxuxe doutra á súa vez beneficiaria dunha pensión holandesa. Nos dous casos, fixaran a súa residencia en Estados distintos dos Países Baixos (República de Franza e Reino de España, respectivamente) e se lles recoñecera o dereito á prestación en especie de asistencia sanitaria con cargo á institución neerlandesa, pero prestada pola institución do Estado de residencia. A causa das cadansúas dolencias, os afectados se desprazaron ao Reino dos Países Baixos ao fin de recibir asistencia sanitaria sen que concurrixe nen a urxencia nen a autorización previstas no art. 22.1 do Regulamento 1408/1971. Nestas situacións, ao órgano remitente da cuestión prejudicial, á vista da negativa de institución sanitaria holandesa de asumir os gastos das correspondentes prestacións en especie, se lle prantexa a dúbida de se aos beneficiarios de pensións dun Estado membro e aos seus familiares se lles debe aplicar sen matices o art. 22.1 do Regulamento aínda no caso de que a institución na que reciben asistencia sanitaria sexa a correspondente ao Estado que paga a pensión da que é beneficiario o propio interesado ou o familiar convivinte. Ou se poden ser beneficiarios da dita asistencia sen necesidade de autorización ou urxencia da mesma.

A doutrina que dita o Tribunal da Unión reafirma que neste caso, unha vez que os interesados fixaron a súa residencia noutro Estado distinto do pagador das prestacións económicas de Seguridade Social e teñen dereito á prestación en especie prestada polo Estado de residencia, non poden acudir aos servizos de saúde do responsable do pagamento da prestación económica de Seguridade Social á marxe dos requisitos do art. 22 do Regulamento. A solución contraria implicaría o recoñecemento dun dereito complementario ao económico de Seguridade Social. De feito, o Estado pagador deste xa ten que afrontar o pagamento dunha cantidade a tanto alzado destinada a cubrir a totalidade de prestacións en especie que se sirvan aos beneficiarios que residan noutro Estado membro. Nestas condicións, a asunción da prestación en especie sen autorización nen urxencia implicaría unha segunda asunción de custe en función do mesmo beneficiario. Xa que logo, cando as persoas aseguradas se acollen ao art. 28 do Regulamento, quedan suxeitos canto á asistencia sanitaria á lexislación do Estado membro de residencia. Nestas condicións, coherentemente, o Estado de residencia se erixe en institución competente para autorizar os desprazamentos dos asegurados a outros Estados membros ao obxecto das prestacións de asistencia sanitaria.

* * *

Outro pronunciamento do Tribunal que convén considerar é o que resolve o asunto **C-311/01, Comisión e Reino dos Países Baixos**, sentenza do 6 de novembro do 2003. A doutrina do Tribunal pode ter certo interese nunha zona transfronteiriza, como é a de Galiza-Norte de Portugal, e para o caso dos traballadores que teñan a condición de desempregados. Como é dabondo coñecido, o art. 69 do Regulamento concede aos desempregados que cobren a súa prestación de desemprego, con certas condicións de previo sometemento á institución do Estado competente, o dereito a se trasladar a outro Estado membro para percurar emprego neste por un prazo máximo de tres meses sen perder a dita prestación. Pola súa banda, o art. 71, cando regula a situación de desemprego total por perda do emprego do traballador transfronteirizo, establece que percibirá a prestación con cargo ao Estado de residencia, que deberá calcular a mesma como se o afectado ou afectada tivese traballado neste.

Segundo doutrina administrativa que se constatou que seguía a institución do Reino dos Países Baixos, a regra do art 69 non se aplicaba no caso dos traballadores transfronteirizos. É dicir, se estes percibían a prestación da mesma por residir neste Estado ao abeiro do art. 71 do Regulamento, non tiñan dereito a se desplazar a outro Estado membro por tres meses mantendo o subsidio correspondente. O que deu lugar a unha demanda da Comisión porque, segundo o seu criterio, aos traballadores transfronteirizos se lles aplicaba o art. 69 sen diferenzas en relación cos beneficiarios ordinarios de subsidios por desemprego.

Á vista da finalidade que prevé o art. 69 do Regulamento, e dos amplos termos en que se pronuncia, o Tribunal vai estimar a demanda da Comisión. O precepto pretende facilitar a busca do emprego nos distintos Estados membros, e non fai distinción entre traballadores fronteirizos e non fronteirizos. A situación dos primeiros nunha posición de desvantaxe en relación coa xeralidade dos traballadores non está na liña dos obxectivos do Regulamento e das esixencias da libre circulación de traballadores. E sen que obste a ista conclusión o feito de que, segundo o art. 70 do Regulamento, o pagamento efectivo da prestación se realizará ao traballador polo Estado membro no que se encontre na

busca do emprego, por conta do competente. E sen que teña relevancia o feito de que o traballador perciba prestacións dun Estado ao que non abonou cotizacións. A fin de contas, ista foi a opción elexida polo lexislador comunitario.

En resumo, o traballador fronteirizo ten asemade dereito a se desprazar en busca de emprego a un terceiro Estado mantendo o dereito á prestación por conta do Estado de residencia por un período máximo de tres meses. Por máis que non cotizara ao Estado pagador, senón a outro ao que se desprazara desde a súa residencia para traballar.

* * *

O terceiro e último pronunciamento que se vai comentar refírese tamén á prestación por desemprego. O asunto **C-92/02, Kristiansen**, sentenza do 4 de decembro do 2003 refírese a unha nacional noreguesa á que se lle aplica tanto o Regulamento 1.612/1968 canto o Regulamento 1.408/1971 en virtude dos anexos V e VI do Acordo do Espazo Económico Europeo. A interesada, logo de traballar varios anos no seu Estado de nacionalidade, se desprazou ao Reino de Bélxica, no que prestou servizos primeiro como persoal en prácticas dunha entidade empresarial ao abeiro dun convenio desta coa Comisión das Comunidades Europeas, sen salario senón mera compensación de gastos e sen se incluír no ámbito de aplicación da Seguridade Social belga. Máis tarde, en virtude dun contrato de axente temporal por conta da propia Comisión, afiliada ao réxime de Seguridade Social dos funcionarios e axentes das Comunidades Europeas. Nestas condicións, a institución belga, ao remate do último contrato, lle denegou prestación por desemprego por non cumprimento dos requisitos esixidos pola súa lexislación interna.

Nesta resultancia fáctica, parte do problema refírese á coordinación dun sistema interno de Seguridade Social co previsto para o persoal ao servizo de institucións comunitarias. E dado que o sistema comunitario establece as súas prestacións como complementarias das nacionais, o sistema interno non pode impedir a acumulación entre as súas propias e as do réxime comunitario.

E a outra cuestión que se presenta consiste na circunstancia de que a prestación de servizos como persoal en prácticas ao abeiro do convenio da entidade empresarial coa Comisión non implica alta na Seguridade Social belga, pero si noutras institucións de Seguridade Social doutros Estados membros. O que deu pé para que a interesada alegara discriminación contraria ao Regulamento 1612/1968, de libre circulación de traballadores. Porén, a iste respecto a Corte non estima a dita argumentación, porque cada Estado é soberano para artellar o seu Dereito de Seguridade Social, sen que o Regulamento 1.408/1971 teña por obxecto a armonización das respectivas lexislacións, senón simplemente coordenalas. Neste contexto, os requisitos para se afiliarse a un sistema de Seguridade Social corresponden ás mesmas, sen meirandes restricións. Porque o principio de non discriminación o único que prohibe é que se dea distinto tratamento aos nacionais do Estado competente dos doutros Estados membros. Sen que a Sra. Kristiansen amosara que aos nacionais belgas se lles permitira a afiliación ao sistema belga de Seguridade Social na mesma situación de prácticas por concerto entre a entidade empregadora e a Comisión das Comunidades Europeas.

JAIME CABEZA PEREIRO

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
Universidade de Vigo

REVISTA SOCIAL GALEGA DE

SELECCIÓN DE SENTENZAS